

**ACTA**

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colexiado:</b>
PLN/2022/1	O Pleno

<b>DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN</b>	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	27 de xaneiro de 2022
<b>Duración</b>	Desde as 20:00 ata 21:30 horas
<b>Lugar</b>	SALÓN DE PLENOS
<b>Presidida por</b>	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
<b>Secretario</b>	MINIA ASTRAY BARCA

<b>ASISTENCIA Á SESIÓN</b>		
<b>DNI</b>	<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SI
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SI
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SI
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SI
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	SI
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SI
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SI
78789855C	MANUELA BARCIA VÁZQUEZ	NON
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SI
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	SI
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SI
76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SI




Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

## A) PARTE RESOLUTIVA

### 1.- Aprobación da acta da sesión anterior

**Favorable**

**Tipo de votación**

Apróbanse por unanimidade as actas correspondentes ás sesións plenarias ordinarias celebradas de novembro e decembro de 2021.

### 2. Expediente 267/2018. Plan Xeral (Modificación)

**Favorable**

**Tipo de votación**

#### DEBATE

Toma a palabra o Sr. González para expoñer a proposta de acordo relativa ao expediente 267/2018 e introduce brevemente de que trátase da aprobación provisional e que é un expediente do ano 2018 e que unha vez que se aprobou provisionalmente e realizados os trámites, indícasenos que existen certas carencias no expediente e faltaban algúns informes. Todo isto xerou unhas lixeras modificacións non de carácter substancial e é o que fai que se teña que volver a traer este expediente e agardar a aprobación definitivamente pola consellería pertinente.

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que indica que entenden que é un expediente de fai tempo e que segue o seu curso administrativo e que non teñen máis que comentar.

Toma a palabra a Sra. Suárez voceira do BNG que indica que non teñen nada que dicir ao respecto, xa que, houbo un trámite. Alegrámonos de que se lle poida falicitas as empresas e que se lle dea unha solución e que con posterioridade se asesore neste aspecto.



Toma a palabra o Sr. Caamaño voceiro do Partido Socialista indica que vendo que este expediente xa viu a Pleno e visto que volve por teos burocráticos non imos a dar máis argumentos.

### VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 a favor

PP: 5 votos a favor

BNG: 2 abstencións

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor

### ACORDO

Examinada a totalidade do expediente e de conformidade co disposto no art.60.13 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do chan de Galicia, e nos artigos 22.2.c) e 47.2.II) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, o Pleno da Corporación acorda a adopción do seguinte

### ACORDO

**PRIMEIRO.-** Aprobar provisionalmente a Modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal coas modificacións resultantes dos requirimentos e os informes emitidos.

**SEGUNDO.-** Unha vez dilixenciado, elevar o expediente de Modificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal á Consellería competente en materia de Urbanismo co fin de que resolva sobre a súa aprobación definitiva

## 2. Moción BNG - Dixitalización das reservas de espazos municipais

**Favorable**

**Tipo de votación**

O Grupo Municipal do BNG, ao abeiro do establecido na Lei de Administración Local de Galiza formula, para o seu debate e aprobación polo Pleno da Corporación, a seguinte



## MOCIÓN

### Exposición de Motivos:

Estamos no 2022, en plena era das comunicacións e da revolución tecnolóxica pero o noso concello segue a xestionar as reservas de espazos municipais a través de chamadas. Isto é algo incomprensible tendo a man ferramentas gratuítas ou cun custo moi reducido que mellorarían enormemente a xestión das nosas instalacións e o acceso por parte da veciñanza ás mesmas.

Dispoñer dun aplicativo móbil onde poder consultar que ocios libres ten a pista de padel, a de tenis, os diferentes pavillóns municipais ou mesmo os centros sociais ou auditorios facilitaría moitísimo o acceso aos mesmos e tamén quitaría de enriba unha carga de traballo innecesaria aos nosos traballadores municipais que, en moitas ocasións, repercute noutras tarefas.

Levamos esta iniciativa no noso programa electoral e, tres anos despois, seguimos incrédulos ao ver que Outes segue a xestionar os seus espazos da mesma maneira que nos anos noventa.

Dende o BNG creemos que é de vital importancia democratizar as instalacións públicas e facelas máis accesibles, iso pasa por habilitar un aplicativo para a xestión das súas reservas, algo que tamén significaría unha mellor xestión.

En base ao exposto, propónse ao Pleno da Corporación Municipal de Outes, a adopción do seguinte

### **ACORDO**

1. Que o goberno municipal faga os trámites precisos para poñer a disposición da veciñanza un aplicativo móbil dende o que xestionar as reservas das distintas instalacións municipais dispoñibles.

### **DEBATE**

Toma a palabra a voceira do PP a Sra. Molinos que indica que calquera medida que axude ás xestións e relacións entre os veciños e o Concello parécenos ben. Tamén parécenos que debería de coexistir e ser compatible co actual sistema de reservas, xa que pode haber persoas que non se manexen coas novas



tecnoloxías. Entendemos que na súa proposta vai implícita esta coexistencia.

Toma a palabra o Sr. Caamaño voceiro do Partido Socialista que indica que cree que é unha boa proposta, xa que por unha parte sería bo pola facilidade aos usuarios dos distintos espazos municipais e por outro un aforro no traballo dalgúns empregados municipais, que vistos os atrasos nalgunhas cuestións seguramente se agradeza. Súmanos a súa moción só agardando que o grupo de goberno teña a ben estudar a mellor opción e a máis rendible de cara as arcas municipais.

Toma a palabra o Sr. González que indica que tamén lles parece correcta esta iniciativa e dicir en calquera caso que o grupo do Goberno si que algo avanzou, como o sistema de incidencias electrónico, aínda que si que se pode mellorar. Como apuntaba a voceira do PP o servizo tal cal se presta gora vai seguir precisando, xa que, as características da nosa poboación.

Engade o Sr. Núñez que en relación ao citado pola voceira do PP a nosa intención é que se manteña o sistema tradicional para non deixar a ninguén de lado. Isto simplemente é dar un paso adiante na dixitalización e facilitar neste tipo de reservas. O BNG ten claro que ningunha institución non pode deixar fora a ninguén, ademais de que se podería descentralizar a reserva e podería repartirse mellor o traballo.

### VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 a favor

PP: 5 votos a favor

BNG: 2 a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor

### 3. Moción PSG-PSOE- XAN 22\_ Tala

**Favorable**

**Tipo de votación**

O Grupo Municipal dos Socialistas de Outes, de acordo e ao amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades locais, desexa someter á consideración do Pleno a seguinte **MOCIÓN**:



## **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

A actividade madeireira no noso concello tivo dende sempre unha gran importancia xa que gran parte da superficie municipal está cuberta de especies forestais como pinos, eucaliptos e carballos.

De feito nos anos 60 había 20 serradoiros no concello, claro que daquela tanto a tala como a recollida da madeira facíanse noutras condicións, xa que, por unha banda, coidábanse os montes porque se recollía todo, ben fora para batume ou para chamuscar algún porquiño polo San Martiño, e por outra a leña baixábase en carros de vacas ou bois polos camiños que había.

Hoxe en día, grazas ó progreso, todo mudou, pero como ben sabemos todo ten as súas vantaxes e desvantaxes, hoxe o traballo é moito menor grazas a maquinaria existente, pero pola contra por estes camiños por onde antes baixaban os carros e por algunhas pistas melloradas, baixan tremendos tractores cargados con toneladas de madeira e o que sucede é que “esbarrancan” camiños e pistas deixando tremendos buratos de rodeiras que deixas as mesmas intransitables para os veciños e veciñas que van co seu “pascualín” ou incluso a pé, polo que estes mesmos veciños son a maior parte das veces, a base de “SACHO en MAN” os que teñen que “achandar ás desfeitas” destas empresas madeireiras que non deixan nin os camiños nin as pistas nin as cunetas non só como estaban antes de facela tala, senón que quedan cheos de depósitos forestais, e as cunetas sobre todo tupidas e inexistentes co que isto implica. Os veciños e veciñas do noso querido RURAL, que tanto defendemos todos, están fartos de ter que facer eles mesmos o que deberían facer estas empresas, e cando o ten que facer o Concello, supón uns gastos non previstos e un persoal que debería estar facendo outras labores, e por todo isto, instamos ó Pleno do Concello a tomar o seguinte

### **ACORDO:**

- 1- Elaborar unha ordenanza municipal na cal se regule o tema da tala de madeira feita por empresas profesionais e tamén por particulares, de tal forma que se vexan comprometidas a deixar a zoa onde se fai a tala e as pistas por onde pasan nas mesmas condicións que se atopaban antes da mesma con posibles sancións de non facelo así.

### **DEBATE**

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que é certo que en moitas ocasións as



talas de madeiras supoñen danos para os camiños nos que se fai a corta e que se non se vixía adecuadamente esixindo responsabilidades supón que non só poden quedar impracticables senón que esta situación tamén pode contribuír a que o curso das augas véxase afectada e que de lugar a anegamentos nas zonas máis baixas. Pensamos que a proposta pode paliar dalgún xeito deste problema pero gustaríanos puntualizar que se esta proposta se aproba e se elabora unha ordenanza ao respecto na redacción da mesma se teñan en conta as diferenzas entre as actuacións neste senso que teñen carácter empresarial e comercial e as que se realizar de xeito particular polos veciños para que a estes non se lles dificulte cunha burocracia excesiva.

Toma a palabra a Sra. Suárez que indica que é unha boa iniciativa e que hai que buscar unha solución. En si este tipo de ordenanzas están en práctica nalgúns concellos e é certo que nalgúns concellos só fan referencia ás talas feitas por empresas cunhas series de requisitos como fianzas. A nós o de incluír o punto de tamén por particulares entendemos que podemos complicar a vida aos veciños e non sei se o voceiro do partido socialista está disposto a debater, modificar ou retirar este punto. Entendemos que as grandes talas son as que provocan os problemas non as de uso domiciliario. A nosa proposta é a de retirar esa frase de “tamén por particulares”.

Toma a palabra o Sr. González que indica que en liñas xerais parécelle unha iniciativa interesante e que valoraron en numerosas ocasións e chegamos a falar coas empresas madeiras. Hai un problema que actualmente se resolve con levantamento de actas por parte da policía local e hai certas cuestións que se fai certo dano que se arranxen os camiños, aínda si que é certo que moitas veces non se fai ou cando nos chegan os avisos xa pasaron varios meses. Estamos de acordo en que elaborar unha ordenanza pode servir para ordenar este problema. Comento que agora mesmo a propia Xunta ten un aplicativo no que a nosa policía pode saber en tempo real que cortes se están a facer no noso Concello o que facilita. A cuestión é en que termo se redacta a mesma, aquí trasladouse unha primeira cuestión entre a tala empresarial e particular, e cremos que son cousas que se poden debater no momento de creación. O importante é que non se complique a burocracia. Aínda que exista ordenanza teremos que seguir realizando o seguimento. Estamos de acordo pero entre todos teremos que elaborala falando co propio sector para o mellor resultado posible.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que indica que non piden que asfalten as pistas. Estamos de acordo en que existe un problema, en como quedan os montes despois dunha corta, un mes ou dous meses despois que non se recolle e son os



veciños os que van limpando. O de diferenciar entre particulares e profesionais como moción non o vou diferenciar, estou de acordo que na ordenanza que se creo haberá que especificar como lle afecta a uns ou como lle afecta a outros ou as cantidades, pero iso especificarase cando se cree a ordenanza. Estou de acordo en falar coas empresas do sector para crear entre todo unha ordenanza que regule isto. Estou convencido de que as mesmas empresas do sector están interesadas en deixar as cousas mellor que como se fan. Tamén é bo para eles deixar as pistas limpas para poder pasar, é algo que a todos nos vai a beneficiar. Como moción déixoa así, que se regule como se poida afectar uns a outros no momento de realización e elaboración da ordenanza.

Toma a palabra a Sra. Suárez que indica que para eles está claro que saia a ordenanza adiante, xa que é bo para todos. Que na mesma ordenanza se recollera puntos onde se recollera esa madeira. En canto a proposta que faciamos de retirar ese pequeno paragrafo era no sentido de non complicarlle a vida demasiado aos particulares, aínda así por nós non vai decaer esta moción e entre todos perfilaremos esta ordenanza.

### **VOTACIÓN**

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 a favor

PP: 5 votos a favor

BNG: 2 a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor

### **B) ACTIVIDADE DE CONTROL**

### **C) ROGOS E PREGUNTAS**

- **PREGUNTAS**
  
- **Do PP:**





**1ª PREGUNTA.** Sorpréndenos que neste ano non se trouxera a Pleno a proposta de aprobación dos días festivos locais para o ano 2022 correspondentes ao noso Concello, tal e como se ven facendo tradicionalmente ao arredor do mes de Outubro. ¿Por que este ano non se procedeu da maneira habitual?

Responde o Sr. González que sendo claros que se lles pasou e que como é costume que sexan sempre os mesmos días a propia Xunta de Galicia en caso de nos haber proposta do Pleno repítense os mesmos festivos.

**2ª PREGUNTA.** Segundo un Decreto da Alcaldía de data 14/12/2021, o Sr. Alcalde avocou na súa persoa a competencia delegada na X.G.L. para o caso de adxudicación das obras de “Reforma e mellora da E.D.A.R. de Outes” debido a un tema de prazos, xa que o convenio firmado entre o Concello de Outes e Augas de Galicia polo que esta última entidade financia unha parte desta actuación, esixe que a adxudicación da obra se realice na anualidade 2021. ¿Cal é a razón pola que 5 meses despois de finalizar o prazo de presentación de ofertas para concursar á execución da obra non se procedeu a adxudicación da mesma ata agora e se fixo desta maneira, quizás precipitada?

Responde o Sr. González que a razón fundamental de que se tardara o proceso de licitación é que unha vez que existiu unha proposta de adxudicación os trámites que nos levan a adxudicalo formalmente, neste caso unha UTE, prolongouse máis do necesario. Ten que avalialo a mesa de contratación. En calquera caso con relación ao convenio con Augas de Galicia non mudou e non haberá problemas porque xa previndo esta problemática e que todos os gastos se van a executar en 2022.

Indica a Sra. Molinos que referíanse a que antes de 2021 tiña que estar feita a adxudicación da obra ao que o Sr. González indica que houbo unha modificación nos termos do convenio e que non hai ningún problema

- **Do BNG:**

**PREGUNTA 1.** Ate que momento van prorrogar o reforzo do PAI? e se consideran tendo en conta as incorporacións teñen conversado isto con traballadores e traballadoras do PAI e que nos dean unha explicación.

Responde o Sr. González que si que teñen intención de prorrogar o reforzo ata que sexa preciso en base a demanda e si que o teñen falado cos traballadores neste termos. E indica a Sra. Suárez se mentres sexa necesario van a escoitar ás



traballadoras e as familias ao que o Sr. González indica que mentres haxa necesidade falaremos sempre cos traballadores que son os que coñecen o servizo.

### **PREGUNTAS FORMULADAS POR ESCRITO PARA O PRESENTE PLENO:**

- **Do PP:**

**1ª PREGUNTA.** Na pasada lexislatura o anterior Goberno xestionou a petición dunha subvención ante a Consellería do Mar a través do “GALP Seo Fisterra Ría de Muros-Noia: Costa Sostible” para rehabilitar e poñer en valor o antigo Asteleiro Tradicional Ciprián sito nas inmediacións da Praia de Broña. A aprobación de concesión de parte desa axuda ten data de setembro do ano 2019, para executala nas anualidades 2019, 2020 e 2021, establecéndose a data de finalización da actuación o 31 de Outubro do ano 2021.

Visto que a actuación aprobada, e que é obxecto da subvención, aínda non está rematada a día de hoxe, e o prazo que figura tanto na pax web do GALP como no anuncio que se insertou con data 12 de xaneiro deste ano na web do Concello, segue sendo o 31/10/2021.

Visto así mesmo que na Xunta de Goberno Local do día 7 de decembro do ano 2021 se aprobaron as certificacións 1ª e 2ª da obra por valor de 15.752,61€ e de 17.315,98€ respectivamente e que, moi poucos días despois, o 20 de decembro do ano pasado o Sr. Alcalde avocou a competencia delegada na X.G.L. para aprobar, deste xeito, a 3ª certificación por valor de 35.417,73€ e mais a 4ª por valor de 146.4818,00€.

Queremos saber:

- ¿De que forma afecta este escenario ao cobro por parte do Concello da axuda concedida pola Consellería do Mar?
- Con respecto ás certificacións aprobadas, ¿Con qué partidas do proxecto e a qué medición das mesmas se corresponden estas certificacións?

Responde o Sr. González que en canto a primeira pregunta efectivamente esta obra tivo un certo atraso particularmente ata poder licitalo porque carecíamos do permiso de costas, que xa tivo consecuencias na subvención concedida no seu momento. De tal maneira que o inicio das obras foi máis tardío. Estaba previsto que rematara o 1 de outubro e solicitouse unha prórroga que se concedeu ata o 20 de decembro. Aínda así é evidente que non chegamos a ter a obra a esa data, xa que



temos a obra executada ata o 67%. Pode implicar que teñamos unha minoración na axuda concedida pero aínda non sabemos que pode ser, xa que, entran varias circunstancias. Contamos que vai a haber unha minoración.

Con relación á segunda cuestión é moi complicado contestar, o numero de partidas é elevado e creo que é moito máis adecuado que solicite a certificación e que poida vela. A última certificación é de 146.718€ e con iso alcanzase o 67% do executado. En definitiva ten vostede a certificación.

Indica a Sra. Molinos que solicitarán a certificación. É certo que tiveron vostedes algúns inconvenientes no trámite no cumprimento dos prazos, pero vostede dixo que fora en outubro a concesión de costas e no pleno ordinario de marzo dixo que fora no terceiro trimestre do ano 2021. Nós naquel momento xa lle dixemos que nos preocupaba moito que o prazo da actuación fora en outubro porque en marzo do 2021 a pesares de que sacaron a licitación en xaneiro do 2021 e o prazo de finalización de ofertas era o 17 de febreiro. En marzo non tiñan adxudicada a obra por iso avisamos de que os ía a pillar os prazos. É certo que non se conseguiu toda a axuda pero a subvención aprobada non é correcta e indica a contía é expón que non todo o proxecto estaba na liña de costas. O resumo de todo isto é que vostedes perderon unha parte dunha subvención duns cartos que a Consellería do Mar lle daba aos veciños de Outes para rehabilitar de este Estaleiro. A perda atrevome a dicir que poden ser sobre uns 30.000€, un terzo e iso por non ser quen de cumprir os prazos. En resumo o goberno de Outes non xestionou nin os prazos nin o procedemento e perderon uns cartos que son dos veciños de Outes, este é o resumo.

Contesta o Sr. González que boa parte do atraso débese a que tardamos máis dun ano en ter o permiso de Costas, permiso que vostedes tiñan que ter pedido no momento da subvención e que por iso se perderon 97.000€, por esa mesma razón. Segundo, vostede di que non foron capaces de adxudicar a obra en marzo, lémbrolle que tivemos que vir a pleno porque tiñamos que ter liquidado o orzamento e o remanente senón non podíamos iso foi o que nos atrasou tamén. Polo tanto, gustaríanos que non houbera atraso pero vostedes non son os máis os indicados.

- **O BNG:**

1. Temos constancia de que o concello contratou substitucións de persoal da piscina a través dunha empresa. É isto certo? Cal foi a relación contractual en tempo,



investimento e cantidade de substitucións? Cal é o nome da empresa? Por que se procedeu deste xeito?

Responde o Sr. Gándara que indica que si que é certa a relación coa empresa e encanto a mesma o mes de decembro estamos a falar de 100 horas e media, o investimento total non dispoñemos del xa que só facturou 57,5 horas ascenderon a 1.703,08€. O que si temos son a cantidade total de substitucións que foron en quendas 15 quendas de socorrista e dúas de recepcionista, estas no mes de decembro. O nome da empresa é Somos enredos S.L. e procedeuse por este xeito pola baixa dunha das socorristas e tratando de evitar a paralización do servizo a solución máis inmediata foi a externalización. Se ben a partir de aí estudouse a mellor forma e activouse a contratación a través da lista de agarda.

Indica o Sr. Núñez que agora e de coñecer a empresa é curioso que unha empresa que xestiona monitores, o servizo de Outes Concilia, tamén teña este tipo de persoal. Habería que saber se non había outra empresa e barallar outras opcións. O Sr. Gándara resposta que xa no mes de xuño contratouse con outra empresa e resultaba máis cara que o que nos ofertaba esta empresa.

2. Logo da entrada en vigor, o día 10 de Xaneiro, das novas adxudicacións das liñas escolares de autobús, podemos comprobar, unha vez máis, que a Xunta decide recortar servizos. Desta vez suprimindo a liña de Tarás e paradas noutras liñas. Ten o goberno coñecemento disto? E se é así, que fixeron vostedes, máis alá de dicirle as familias que recolleran sinaturas?

Responde o Sr. González que efectivamente temos constancia e non lle dixemos iso as familias fixérono de moto propio. Efectivamente existe un problema derivado das novas concesións, unificáronse rutas que deu problemas importantes. O que fixemos foi trasladarlle a Concellería desta problemática e que algúns dos problemas están a ser solventados, fai referencia a algúns deles.

Indica a Sra. Suárez que efectivamente o problema puntual da “volta o mundo dos rapaces”, expón a viaxe dos rapaces de 12 anos, efectivamente fusionaron dúas liñas e suprimiron a de Tarás, non é ese o único problema e que fala da liña de Cuns que agora mesmo non existe. A Consellería deixou a Cuns sen servizo de autobús ao instituto e estas paradas despois non se recuperan. Vostede como Alcalde debería buscar outras solucións e poñer máis interese. Cremos que ten que facer todo o posible para que esa liña sexa recollida tal e como estaba e que non podemos permitirmos seguir perdendo servizos no noso Concello.



3. Con motivo da presentación de alegacións ós distintos parques eólicos vostede, como alcalde, decidiu limitar a presentación das mesmas a un número de 50 no rexistro do noso concello, obrigando aos veciñ@s a telas que presentar incluso no rexistro do Concello da Coruña. Cal foi o motivo de tomar dita medida? E ata cando e onde está disposto a chegar á hora de pór trabas e impedimentos para que os veciños de Outes poidamos exercer o noso dereito a defendernos?

Responde o Sr. González que a razón polo que o pedimos para evitar o colapso dos servizos do rexistro, xa que temos o persoal que temos, o que podería derivar na mala atención dos usuarios. Comentouse con outros rexistros de Concellos para a repartición das mesmas e que sería mellor para todos. A segunda parte prefiro non comentar.

Toma a palabra a Sra. Suárez que indica que está contestado que o rexistro do Concello de Outes non pode asumir o volume de alegacións pero pensa que o pode asumir outros Concellos, que non sei que diferenza teñen que ter, non se lles pasou aumentar o horario, poñer máis persoal. Indica o Sr. González que era dividir entre os Concellos, penso que está contestada.

4. Chámanos á atención o feito de que decidiran empezar a limpeza de pistas forestais no Tremuzo, Monte da Pena, Vaqueira, e outros; xustificándoo na loita contra o lume, pero non decidiron, aínda, actuar nas faixas forestais preto das aldeas, nin tampouco en terreos propiedade do Concello. Fano, curiosamente, naqueles montes onde está previsto a localización dos parques eólicos. Pode explicarnos as razóns para priorizar estes montes e non outros?

Responde o Sr. González que chegamos a este punto e que teñamos uns intereses. A razón que se limpou alí é porque o ano pasado non se fixo e por iso se fai este ano, esta é a razón. Chegar a pensar que ten que ver con que se adopten as pistas con outro tipo de intereses ... non teño máis que dicir.

Indica a Sra. Suárez que intenta ridiculizalo o Sr. González o tema e para nós non o é, non temos nada en contra dos parques eólicos, esta clara a nosa postura, críamos que a súa obriga era defender os intereses dos veciños de Outes e resulta que acórdalle ir a limpar os montes neste momento. Non queremos perder máis tempo porque as que non foron limpadas en anos atrás son numerosas e que como veña o lume van os veciños ter un problema serio. Pensa mal e acertarás.

5. Ven de facerse pública a sentenza do TSXG condenatoria por delegar nunha empresa privada (Tragsatec) de xeito tan precario que os técnicos nin visitaban os lugares ou obras a informar. Sentenza que nos da a razón a este grupo o que o interese, preocupación, sentido común e asesoramento nos dicía que informes



favorables sobre o proxecto de "rehabilitación" da Ponte Nafonso ou mesmo os dos parques eólicos non se sostían, algo que vostedes obviaron e incluso parabenizaron. Pensa vostede, en vista dos feitos, solicitar a reevaluación do proxecto e paralización cautelar da "degradación" da Ponte Nafonso? Valorou vostede loitar xudicialmente contra a ubicación de parques eólicos como o Maragouto, Sete fontes, Banzas ou a línea de evacuación o seu paso polas fervenzas de San Paio ou sigue vostede tendo "fé" en que todo o que fai a Xunta está ben?

Responde o Sr. González que non temos pensado pedir a paralización deste proxecto e si que estamos en contacto cos responsables da execución que é a Xunta de Galicia. En canto a segunda pregunta no seu momento haberá que avaliar, xa que estamos en período de alegacións, e avaliaremos no seu momento.

Indica a Sra. Suárez que entenden que a pesar da sentenza na que queda claro que os informes emitidos pola Xunta non están suficientemente detallados non pensa vostede facer nada, máis que seguir en contacto. Indica o Sr. González que xa lle respondeu a esa pregunta.

- **Do Partido Socialista:**

Vimos de ter constancia que coma nós, os distintos grupos que forman parte desta corporación tiveron novas dun problema que xa tivemos durante o nadal pasado e que fixo que o Partido Socialista de Outes metera unha moción en nome de distintos deportistas do noso concello que compiten en equipos foráneos. Daquela estaban todos de acordo no espírito da moción pero non nas formulas a levar a diante, o que fixo que os socialistas retiráramos a nosa propia moción para chegar a un consenso entre todos. Pois ben o consenso chegou pero as solucións NON, xa que outra vez algún destes deportistas patronease con problemas para facer uns adestramentos adecuados durante o parón do Nadal, e lémbrolles que vai pasar o mesmo no VERÁN.

1.-¿Pensaron en facer algún tipo de Carné especial para estes deportistas, moitos e moitas campións e campioas, co que se lle permita usar as distintas instalacións que temos no concello sempre e cando non impidan a marcha normal dos distintos espazos que podan utilizar?

2.- ¿Como solucionarán este problema?

Responde o Sr. Gándara que en canto se pensamos nisto non o temos en mente neste tipo de carné. En canto se poñan en contacto con nós poñeremos en contacto



con eles para que poidan desenvolver os seus adestramentos sen interromper as actividades das instalacións e espazos.

Indica o Sr. Caamaño que supón que chegarán a un acordo cando volten e que non terán onde e solucionaranllo no momento, esperemos que así sexa.

### **PREGUNTAS ORAIS:**

- **Do PP:**

**1ª PREGUNTA.** Sabemos a que a Vicepresidencia da Xunta de Galicia concedeulle ao Concello de Outes unha subvención para adquisición, mediante o sistema de renting, dun novo vehículo destinado á policía local e que con data 12 de novembro o Sr. Alcalde decretou facer una xeración de crédito para afrontar o pago correspondente á primeira anualidade. A pesar a que ne outros concellos a que se lle concedeu unha subvención similar xa dispoñen do correspondente vehículo non apreciamos que en Outes suceda o mesmo, xa que, non vimos o novo vehículo nin tivemos novas de que fora entregado.

Cal é o motivo polo que a policía local non está facendo uso dese novo vehículo?  
En que situación se encontra o obxecto desta subvención?

**2ª PREGUNTA.** O 29.12 pasado o goberno daba conta da celebración dun contrato menor denominado “Saberes e sabores de Outes” por valor de 13.000€.

Que conceptos polo miúdo inclúe este servizo?

Cal destes conceptos foron executados e en que datas?

Aínda queda algún por realizar? Cando ten previsto o goberno local levalo a cabo?

- **Do BNG:**

**PREGUNTA 1.** Con respecto ao arranxo das obras que están pendentes do Clube do piragüismo da Ponte. Somos coñecedores de que a actual directiva do Clube intentou poñerse en contacto con vostede e trasladábanlle que o proxecto que vostedes presentaban non solventaba todas as necesidades para levar a acabo as actividades. Teñen pensado reunirse con eles e consensuar un proxecto? Cal é a data definitivo de arranxo das obras do clube de piragüismo da Ponte?

**PREGUNTA 2.** Todos podemos ver o mural de enfronte do Concello, e queríamos saber, se foi algo promovido dende o departamento de cultura e se foi das arcas do



Concello ou aproveitaron a subvención que sacou a Deputación para arte urbana no mes de novembro? Teñen previstos máis espazos?

- **Do Partido Socialista:**

**PREGUNTA 1.** Como está a solución co tema dos horarios dos autobuses que lle afectaba aos estudantes da zona de Cruz e o Freixo?

## **7. ROGOS.**

- **Do PP:**

**1º ROGO.** Lamentamos inaugurar o turno de rogos de 2022 repetindo por décimo cuarta vez unha petición que realizamos en novembro de 2020 e a que vostedes fixeron oídos xordos durante máis de un ano. Non fara falta dicirle que se trata da limpeza do vial de Entíns a Fontenlos. A vostedes parécelles un asunto de pouca importancia ou anecdótico, pero se o pensamos é reflexo da súa forma de proceder e de gobernar. Incumprimento de compromisos adquiridos, falta de mantemento dos viais dos núcleos do Concello, abandono das necesidades cotiás dos veciños, desprezo e desatención dos rogos feitos no Pleno, ineficiente e pasividade na resolución de peticións veciñais, incapacidade notoria para escoitar, entender e atender. Rogámoslle por décimo cuarta vez que abandonen a súa teimudez con este asunto e que procedan á limpeza da pista e que lles faciliten aos veciños de Fontenlos e aos demais usuarios a circulación por este vial.

**2º ROGO.** Na zona de Brión están a facer limpeza limpeza debaixo da liña eléctrica de alta que pasa polo lugar e varios veciños cometáronnos que nos se están a desfacer dos restos convenientemente. Rogámoslle ao goberno municipal que vixie esta cuestión e realice as xestións pertinentes para que se faga un correcto tratamento dos restos.

**3º ROGO.** No Catelo máis un menos á altura do cruce da pista do río da Braña hai un poste de telefónica que presenta unha gran inclinación cara o vial, xa en diversas ocasións puxemos coñecemento do goberno pero a cuestión é que o poste segue no mesmo sitio e cada día está máis inclinado, constituíndo un grave perigo para a seguridade vial. Parécenos que incluso non ten función. Rogámoslle ao goberno que tome as medidas necesarias para que se solucione este problema.

**4º ROGO.** Durante as últimas choivas pola pista que vai dende a ponte da Candiña no núcleo de Entíns cara a ponte, baixou unha gran cantidade de lama e pedras e





quedaron depositadas nos arredores da igrexa, polo que os veciños se queixan da dificultade que supón esta situación para a circulación, tanto para os vehículos como para os peóns. Pedímoslle ao goberno que tome as medidas precisas para limpar e retirar.

- **Do BNG:**

**ROGO 1.** O noso rogo ven a ser por desgraza repetido unhas tres ou catro veces, leva tres anos no mandato. O primeiro mes propuxemos se gravan os plenos e que se acondicionara adecuadamente o salón de plenos cun microfonado correcto, porque o máis importante é que os nosos veciños poidan escoitar o que temos que dicir, e polas condicións desta sala non se escoita ben. Faga o favor de facer caso, teñen diñeiro nos orzamentos e facelo cun gasto mínimo. Xustamente pedía que se enfocase o micrófono, porque neste Pleno está asistindo Alba telematicamente e como non é suficiente o son houbo que poñer un micrófono que se tiña a man, con recursos precarios.

Os rogos que lle facemos dannos moita rabia que caia en saco roto, porque estamos agardando anos e anos a que as cousas máis sinxelas e máis básicas se fagan. Despois sempre hai tempo para ocorrencias que ninguén pediu.

- **Do Partido Socialista:**

**ROGO 1.** Quero transmitirle este caso o rogo feito por un veciño, pero coas súas propias verbas “levamos máis de dous anos co cambio de Alcalde e por aquí non veu rozar nin o espírito santo, vostedes que tanto falan de defender o rural, da españa vaciada, de Teruel tamén existe, saben? O corjiño tamén existe, a ver se son capaces de atopalo e ven alguén limpar aquí”.

**ROGO 2.** Por primeira vez os socialistas de Outes decimos que no noso Concello non se trata de facer grandes obras senón de coidar o que temos. Quedoume moi claro no ano 2019 que ían vostedes a poñer contedores novos onde fixera falta. Voume servir de dúas fotos e a ver se toman nota do mesmo. Este é o contedor de Major, eu sei que só son tres veciños pero tamén teñen dereito a que lle poñan algo en condicións. E esta e unha das papeleiras que temos en Portosiavo, nin papeleira, nin papel nin bolsas. Dígollo, non fagan tremendas obras, non queiran facer sete museos en Outes, coiden o que temos que é o único que nos piden os veciños. Turismo rural perfecto pero non con estas imaxes.

<b>C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES</b>



*Remata a sesión ás 21:30 horas do que, como Secretaria, dou fe.*

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**



Cod. Validación: 59GHCC19QJXR5F-GTDL5LKNJX7 | Corrección: <https://outes.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 18